

I. DISPOSICIONS XERAIS

I. DISPOSICIONES GENERALES

Presidencia

— *Lei 4/1983, do 15 de xuño, de Recoñecemento da Galeguidade.*

A comunidade galega está presente non só na súa terra, senón tamén na Galicia da emigración.

O espírito asociativo dos galegos lévanos a constituír fóra de Galicia auténticas Comunidades que serven de vínculo de unión e comunión coa terra galega.

Desenvolvendo o artigo 7.º do Estatuto de Galicia, a presente Lei reconece ás devanditas Comunidades a súa galeguidade, o que posibilita a súa inserción na vida social e cultural do pobo galego, sen que iso implique a concesión de dereitos políticos.

Coa mesma finalidade, procura o impulso da actividade exterior do Estado en orde á articulación de tratados e convenios polos que se tenda a favorecer os fins destas Comunidades e as aspiracións dos seus membros.

Polas devanditas razóns, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13º, 2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 23 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a LEI DE RECOÑECIMIENTO DA GALEGUIDADE.

TITULO PRIMEIRO

DA GALEGUIDADE DAS COMUNIDADES ASENTADAS FORA DE GALICIA

Artigo 1º

Enténdese por galeguidade, ós efectos da presente Lei, o dereito das Comunidades Galegas asentadas fóra de Galicia a colaborar e compartirla vida social e cultural do pobo galego.

Artigo 2º

Son Comunidades Galegas as entidades asociativas sen ánimo de lucro, validamente constituídas e con personalidade xurídica no territorio en que se atopen asentadas, que teñan por obxecto principal nos seus estatutos o mantemento de lazos culturais ou sociais con Galicia, as súas xentes, a súa historia, a súa lingua e cultura, e ás que lles fose recoñecida a súa galeguidade de acordo coa presente Lei.

Presidencia

— *Ley 4/1983, de 15 de junio, de Reconocimiento de la Galleguidad.*

La comunidad gallega está presente no sólo en su tierra, sino también en la Galicia de la emigración.

El espíritu asociativo de los gallegos nos lleva a constituir fuera de Galicia auténticas Comunidades que sirven de vínculo de unión y comunión con la tierra gallega.

Desarrollando el artículo 7.º del Estatuto de Galicia, la presente Ley reconoce a dichas Comunidades su galleguidad, lo que posibilita su inserción en la vida social y cultural del pueblo gallego, sin que ello implique la concesión de derechos políticos.

Con la misma finalidad, procura el impulso de la actividad exterior del Estado en orden a la articulación de tratados y convenios por los que se tienda a favorecer los fines de estas Comunidades y las aspiraciones de sus miembros.

Por dichas razones, el Parlamento de Galicia aprobó y yo, de conformidad con el artículo 13º, 2 del Estatuto de Galicia y con el artículo 24 de la Ley 1/1983, de 23 de febrero, reguladora de la Xunta y de su Presidente, vengo en promulgar, en nombre del Rey, la LEY DE RECONOCIMIENTO DE LA GALLEGUIDAD.

TITULO PRIMERO

DE LA GALLEGUIDAD DE LAS COMUNIDADES ASENTADAS FUERA DE GALICIA

Artículo 1º

Se entiende por galleguidad, a los efectos de la presente Ley, el derecho de las Comunidades Gallegas asentadas fuera de Galicia a colaborar y compartir la vida social y cultural del pueblo gallego.

Artículo 2º

Son Comunidades Gallegas las entidades asociativas sin ánimo de lucro, válidamente constituídas y con personalidad jurídica en el territorio en que se encuentren asentadas, que tengan por objeto principal en sus estatutos el mantenimiento de lazos culturales o sociales con Galicia, sus gentes, su historia, su lengua y cultura, y a las que les fuese reconocida su galleguidad de acuerdo con la presente Ley.

Artigo 3º

A Comunidade Autónoma Galega promove e coordina, respetando a súa autonomía, a participación das Comunidades Galegas na vida social e cultural do pobo galego, e a tal fin:

1. Crearanse canles de recíproca comunicación e apoio entre a Comunidade Autónoma e as Comunidades Galegas asentadas fóra de Galicia, para facer real e efectiva a súa colaboración na vida social e cultural de Galicia.

2. Nun contexto de colaboración xeral impulsarase a actividade do Estado español en orde á elaboración e celebración de tratados ou convenios con Estados onde existan Comunidades Galegas, de acordo co Apartado 2 do Artigo 7.º do Estatuto de Autonomía de Galicia e sen prexuício do previsto en materia de relacións culturais no Apartado 3 do Artigo 35 do mesmo.

3. Promoveranse acordos ou convenios nos termos do Artigo 35, Apartados 1 e 2 do propio Estatuto de Autonomía de Galicia.

Artigo 4º

O recoñecemento da galegitude producirase, previa solicitude, por acordo da Xunta de Galicia e dará lugar á inscrición da comunidade no Rexistro das Comunidades Galegas asentadas fóra de Galicia.

TITULO II**DO ALCANCE E CONTIDO DO RECOÑECEMENTO DA GALEGITUDE****CAPITULO PRIMEIRO
NA ORDE SOCIAL E CULTURAL****Artigo 5º**

O recoñecemento da galegitude das Comunidades ás que se refire o artigo 2 desta Lei, alcanza, na orde social:

- a) O dereito á información de cantas disposicións e resolucións se adopten polos poderes da Comunidade Autónoma Galega.
- b) O dereito a compartiren a vida social galega e colaborar en súa difusión, dentro do territorio de Galicia e no ámbito da propia Comunidade que obtive-lo recoñecemento.

Artigo 6º

O recoñecemento da galegitude das Comunidades Galegas implica na orde cultural, na forma que regulamentariamente se determine:

Artículo 3º

La Comunidad Autónoma Gallega promueve y coordina, respetando su autonomía, la participación de las Comunidades Gallegas en la vida social y cultural del pueblo gallego, y a tal fin:

1. Se crearán cauces de recíproca comunicación y apoyo entre la Comunidad Autónoma y las Comunidades Gallegas asentadas fuera de Galicia, para hacer real y efectiva su colaboración en la vida social y cultural de Galicia.

2. En un contexto de colaboración general se impulsará la actividad del Estado español en orden a la elaboración y celebración de tratados o convenios con Estados donde existan Comunidades Gallegas, de acuerdo con el Apartado 2 del Artículo 7.º del Estatuto de Autonomía de Galicia y sin perjuicio de lo previsto en materia de relaciones culturales en el Apartado 3 del Artículo 35 del mismo.

3. Se promoverán acuerdos o convenios en los términos del Artículo 35, Apartados 1 y 2 del propio Estatuto de Autonomía de Galicia.

Artículo 4º

El reconocimiento de la galleguidad se producirá, previa solicitud, por acuerdo de la Xunta de Galicia y dará lugar a la inscripción de la comunidad en el Registro de las Comunidades Gallegas asentadas fuera de Galicia.

TITULO II**DE ALCANCE Y CONTENIDO DEL RECONOCIMIENTO DE LA GALLEGUITUD****CAPITULO PRIMERO
EN EL ORDEN SOCIAL Y CULTURAL****Artículo 5º**

El reconocimiento de la galleguidad de las Comunidades a las que se refiere el artículo 2 de esta Ley, alcanza, en el orden social:

- a) El derecho a la información de cuantas disposiciones y resoluciones se adopten por los poderes de la Comunidad Autónoma Gallega.
- b) El derecho a compartir la vida social gallega y colaborar en su difusión, dentro del territorio de Galicia y en el ámbito de la propia Comunidad que obtuviere el reconocimiento.

Artículo 6º

El reconocimiento de la galleguidad de las Comunidades Gallegas implica en el orden cultural, en la forma que reglamentariamente se determine:

- a) O dereito a disfrutaren das bibliotecas, recursos e arquivos dependentes da Comunidade Autónoma.
- b) O dereito a colaboraren no marco das competencias atribuídas á Comunidade Autónoma nos medios de comunicación social e emisións de televisión dirixidos ós galegos de dentro e fóra de Galicia.
- c) O dereito a colaboraren no impulso das actividades culturais e espectáculos orientados a preservar e fomentar o goce da lingua, cultura e tradicións galegas.

Artigo 7º

1. A Comunidade Autónoma organizará, a través das Comunidades Galegas, e coa colaboración de institucións especializadas, servicios didácticos e audiovisuais que faciliten o coñecemento da lingua, cultura e tradicións de Galicia.

2. Facilitarase ás Comunidades Galegas a organización de cursos de lingua e cultura galegas.

Artigo 8º

A Comunidade Autónoma fomentará a creación de prensa e revistas para uso escolar, con especial atención ós fillos dos galegos residentes fóra de Galicia. As Comunidades Galegas serán canle para a difusión de tales publicacións.

Artigo 9º

No marco da cooperación social e cultural coas Comunidades Galegas, a Comunidade Autónoma fomentará, dentro das súas competencias, a produción, distribución e intercambio de programas de radio e televisión.

Artigo 10.

A Comunidade Autónoma garantiza a adquisición con destino ás Comunidades Galegas dun fondo editorial tendente a facilitar o coñecemento da historia, o arte, a lingua e a realidade social de Galicia.

O Consello de Comunidades Galegas propondrá á Xunta de Galicia os criterios para a composición e distribución entre estas do citado fondo.

Artigo 11.

No marco das competencias da Comunidade Autónoma, a Xunta de Galicia promoverá, en cooperación coas Comunidades Galegas, cursos ou ciclos especiais sobre lingua, historia e cultura galegas, tanto na Universidade e Institucións docentes e culturais de Galicia, coma nas dos países de asentamento destas Comunidades.

- a) El derecho a disfrutar de las bibliotecas, recursos y archivos dependientes de la Comunidad Autónoma.
- b) El derecho a colaborar en el marco de las competencias atribuidas a la Comunidad Autónoma en los medios de comunicación social y emisiones de televisión dirigidos a los gallegos de dentro y fuera de Galicia.
- c) El derecho a colaborar en el impulso de las actividades culturales y espectáculos orientados a preservar y fomentar el goce de la lengua, cultura y tradiciones gallegas.

Artículo 7º

1. La Comunidad Autónoma organizará, a través de las Comunidades Gallegas, y con la colaboración de instituciones especializadas, servicios didácticos y audiovisuales que faciliten el conocimiento de la lengua, cultura y tradiciones de Galicia.

2. Se facilitará a las Comunidades Gallegas la organización de cursos de lengua y cultura gallegas.

Artículo 8º

La Comunidad Autónoma fomentará la creación de prensa y revistas para uso escolar, con especial atención a los hijos de los gallegos residentes fuera de Galicia. Las Comunidades Gallegas serán cauce para la difusión de tales publicaciones.

Artículo 9º

En el marco de la cooperación social y cultural con las Comunidades Gallegas, la Comunidad Autónoma fomentará, dentro de sus competencias, la producción, distribución e intercambio de programas de radio y televisión.

Artículo 10.

La Comunidad Autónoma garantiza la adquisición con destino a las Comunidades Gallegas de un fondo editorial tendente a facilitar el conocimiento de la historia, el arte, la lengua y la realidad social de Galicia.

El Consejo de Comunidades Gallegas propondrá a la Xunta de Galicia los criterios para la composición y distribución entre éstas del citado fondo.

Artículo 11.

En el marco de las competencias de la Comunidad Autónoma, la Xunta de Galicia promoverá, en cooperación con las Comunidades Gallegas, cursos o ciclos especiales sobre lengua, historia y cultura gallegas, tanto en la Universidad e Instituciones docentes y culturales de Galicia, como en las de los países de asentamiento de dichas Comunidades.

Artigo 12.

A Comunidade Autónoma de Galicia canalizará o exercicio dos dereitos recoñecidos nos artigos anteriores e a colaboración na vida social e cultural de Galicia das Comunidades Galegas inscritas ó amparo desta Lei, garantizando a presenza de representantes das mesmas nos Consellos ou Institutos da Comunidade Autónoma relacionados coa súa actividade.

**CAPITULO II
DO EXERCICIO DA GALEGUIDADE**

Artigo 13.

1. Para o cumprimento dos fins establecidos na presente Lei, créase o Consello de Comunidades Galegas con carácter deliberante, de funcións consultivas e de asesoramento das institucións da Comunidade Autónoma, na forma que regulamentariamente se determine.

Son membros natos do Consello:

- a) O Presidente da Xunta de Galicia, que o presidirá.
- b) Os Conselleiros de Traballo, Seguridade Social e Emigración, o de Cultura e o de Turismo e Deportes.
- c) Un representante do Consello de Cultura Galega.
- d) Un representante da Real Academia Galega.
- e) Un representante da Universidade de Galicia.
- f) Un representante por cada unha das comunidades inscritas ó amparo desta Lei.

2. No seo do Consello constituirase unha Comisión Delegada que será elixida e renovada por aquel en forma regulamentaria.

Artigo 14.

O Consello de Comunidades Galegas elaborará anualmente unha Memoria na que se dará conta da aplicación efectiva da presente Lei e suxerirá á Xunta de Galicia as medidas convenientes para o mellor cumprimento dos seus fins.

Artigo 15.

Como servizo dependente da Xunta de Galicia créase o Rexistro de Comunidades Galegas asentadas fóra de Galicia que será público e terá por obxecto a inscrición, e no seu caso, a anotación do nome, estatutos e os órganos rectores daquelas, así como das modificacións que se produzan.

Artículo 12.

La Comunidad Autónoma de Galicia canalizará el ejercicio de los derechos reconocidos en los artículos anteriores y la colaboración en la vida social y cultural de Galicia de las Comunidades Gallegas inscritas al amparo de esta Ley, garantizando la presencia de representantes de las mismas en los Consejos o Institutos de la Comunidad Autónoma relacionados con su actividad.

**CAPITULO II
DEL EJERCICIO DE LA GALLEGUIDAD**

Artículo 13.

1. Para el cumplimiento de los fines establecidos en la presente Ley, se crea el Consejo de Comunidades Gallegas con carácter deliberante, de funciones consultivas y de asesoramiento de las instituciones de la Comunidad Autónoma, en la forma que reglamentariamente se determine.

Son miembros natos del Consejo:

- a) El Presidente de la Xunta de Galicia, que lo presidirá.
- b) Los Conselleiros de Trabajo, Seguridad Social y Emigración, el de Cultura y el de Turismo y Deportes.
- c) Un representante del Consejo de Cultura Gallega.
- d) Un representante de la Real Academia Gallega.
- e) Un representante de la Universidad de Galicia.
- f) Un representante por cada una de las comunidades inscritas al amparo de esta Ley.

2. En el seno del Consejo se constituirá una Comisión Delegada que será elegida y renovada por aquél en forma reglamentaria.

Artículo 14.

El Consejo de Comunidades Gallegas elaborará anualmente una Memoria en la que se dará cuenta de la aplicación efectiva de la presente Ley y sugerirá a la Xunta de Galicia las medidas convenientes para el mejor cumplimiento de sus fines.

Artículo 15.

Como servicio dependiente de la Xunta de Galicia se crea el Registro de Comunidades Gallegas asentadas fuera de Galicia, que será público y tendrá por objeto la inscripción, y en su caso, la anotación del nombre, estatutos y los órganos rectores de aquéllas, así como de las modificaciones que se produzan.

DISP

Pa
blece
rais ó

DISP

Au
de de

S:

hora

serv
mai
nec
axu
fun
fav
datserv
deXer
dir
un
14
necrea
verca
fur
de
ho

DISPOSICION ADICIONAL

Para o cumprimento dos fins da presente Lei, establecerase unha partida específica nos Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma.

DISPOSICION DERRADEIRA

Autorízase á Xunta de Galicia para dictar as normas de desenvolvemento regulamentario da presente Lei.

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 1983

DISPOSICION ADICIONAL

Para el cumplimiento de los fines de la presente Ley, se establecerá una partida específica en los Presupuestos Generales de la Comunidad Autónoma.

DISPOSICION FINAL

Se autoriza a la Xunta de Galicia para dictar las normas de desarrollo reglamentario de la presente Ley.

Santiago de Compostela, 15 de junio de 1983

Gerardo Fernández Albor
Presidente

III. OUTRAS DISPOSICIONS

III. OTRAS DISPOSICIONES

Consellería da Presidencia

— Orde do 20 de xuño de 1983, pola que se regula o horario de traballo das dependencias da Xunta de Galicia.

Dentro do actual proceso de organización dos servizos que, de procedencia diversa e cada vez en maior número pasan a depender da Xunta, faise necesario regular os horarios de traballo ó que deberán axustarse as distintas dependencias en atención ás súas funcións. En consecuencia, previo estudo e informe favorable da Comisión de Persoal, en reunión do día da data, ordeno o seguinte:

1.— O horario dos funcionarios e demais persoal ó servizo da Xunta será de 8 a 15 horas de luns a venres e de 9 a 14 horas os sábados.

2.— Mediante petición motivada ó Secretario Xeral Técnico ou Delegado Provincial de quen dependa directamente o funcionario, poderá solicitarse realizar un horario de 9 a 14 e de 16 a 18 de luns e venres e de 9 a 14 os sábados, resolvéndose as peticións segundo as necesidades do servizo.

3.— O persoal en réxime de adicación exclusiva realizará un horario de 9 a 14,30 e de 16 a 18,30 de luns a venres e de 9 a 14 os sábados.

4.— O servizo dos sábados será organizado con carácter mínimo de forma rotatoria entre os funcionarios en atención ó número de persoal e volume de actividade de cada dependencia.

5.— O horario de atención ó público será de 9 a 14 horas.

Consellería de la Presidencia

— Orden de 20 de junio de 1983, por la que se regula el horario de trabajo de las dependencias de la Xunta de Galicia.

Dentro del actual proceso de organización de los servicios que, de procedencia diversa y cada vez en mayor número, pasan a depender de la Xunta, se hace necesario regular los horarios de trabajo a que deberán ajustarse las distintas dependencias en atención a sus funciones. En consecuencia, previo estudio e informe favorable de la Comisión de Personal, en reunión del día de la fecha, vengo en ordenar lo siguiente:

1.— El horario de los funcionarios y demás personal al servicio de la Xunta será de 8 a 15 horas de lunes a viernes y de 9 a 14 horas los sábados.

2.— Mediante petición motivada al Secretario General Técnico o Delegado Provincial de quién dependa directamente el funcionario, podrá solicitarse realizar un horario de 9 a 14 y 16 a 18 de lunes a viernes y de 9 a 14 los sábados, resolvéndose las peticiones de acuerdo con las necesidades del servicio.

3.— El personal en régimen de dedicación exclusiva realizará un horario de 9 a 14,30 y de 16 a 18,30 de lunes a viernes y de 9 a 14 los sábados.

4.— El servicio de los sábados será organizado con carácter mínimo de forma rotatoria entre los funcionarios, en atención al número de personal y volumen de actividad de cada dependencia.

5.— El horario de atención al público será de 9 a 14 horas.